


1. INTRODUCCIÓN

Os avances tecnolóxicos e a evolución dos hábitos da sociedade repercuten directamente no consumo enerxético, producíndose incrementos continuos na demanda. O que ocorre é que a maior parte da xeración enerxética baséase nos combustibles fósiles, co que ó aumenta-lo consumo tamén se incrementan as emisións de gases a atmosfera.

Por todo o anterior, é necesario mellora-las infraestructuras enerxéticas e xestiona-la enerxía de forma eficiente, pero asegurar unha boa subministración non significa que non teña que existir un compromiso de respecto ó medio.

Os importantes impactos ambientais asociados ó sector enerxético obrigan a realizar políticas que contribúan ó desenvolvemento sostible, entendendo como tal aquel desenvolvemento económico unido ó progreso social, que teña en conta o uso racional dos recursos e a súa conservación e mellora.



De ahí que, dende o punto de vista do consumo, o fomento do aforro e a eficiencia enerxética cobran unha especial relevancia e, dende o punto de vista da xeración, as tecnoloxías con menores impactos ambientais e máis eficientes, entre as que destacan de forma especial as enerxías renovables (enerxías que se renovan ou recuperan de maneira cíclica nunha escala temporal de curto prazo), axudarán á diminución do impacto ambiental do ciclo enerxético, así como a asegura-la subministración ó usuario.

As fontes de enerxía renovables, ademais de contribuír á xeración de enerxía eléctrica, tamén contribúen ó aproveitamento de enerxía térmica e á produción de biocarburantes.

Para poder acadar-los obxectivos da Unión Europea de que o 12% da enerxía primaria utilizada no ano horizonte 2.010 sexa de orixe renovable é necesario que siga a tendencia de evolución actual.

2. SITUACIÓN ACTUAL

Galicia conta con amplos recursos enerxéticos renovables. Os aproveitamentos hidráulicos sempre tiveron un gran peso na xeración eléctrica da Comunidade e, tradicionalmente, tamén se aproveitou a biomasa para usos térmicos, pero dende hai dez anos, a tecnoloxía eólica é a que está cada vez máis presente na produción de electricidade

Actualmente, a situación da potencia eléctrica instalada con fontes renovables é a seguinte:

Xeración	Potencia instalada 2.003 (MW)	Potencia instalada 2.004* (MW)
Gran hidráulica ⁽¹⁾ (P>10 MW)	2.945	2.997
Minihidráulica ⁽¹⁾ (P≤10 MW)	206	240
Eólica	1.579	1.824
Biomasa ⁽²⁾	45	52
Solar fotovoltaica	0,372	0,747
Total instalado con FER⁽³⁾	4.775	5.114

*Datos provisionais

Este tipo de instalacións teñen un peso cada vez maior na estrutura enerxética de Galicia, a táboa que se presenta a continuación amosa a porcentaxe que supoñen no marco xeral:

Porcentaxe de potencia instalada con enerxías renovables respecto do total de potencia instalada

	2.003 7.889 MW	2.004* 8.200 MW
Potencia total instalada		
Potencia instalada EERR⁽⁴⁾ (con gran hidráulica)	4.775 MW 60 %	5.114 MW 62 %
Potencia instalada EERR⁽⁴⁾ (sen gran hidráulica)	1.830 MW 23 %	2.117 MW 26 %

*Datos provisionais

⁽¹⁾ Estanse realizando probas para recalcular a potencia neta instalada nas centrais hidráulicas en réxime ordinario segundo o apartado 3. del punto cuarto de la Orden de 17 de diciembre de 1.998. As modificacións de potencia que se produzan serán certificadas polo Ministerio de Economía, o que pode dar lugar a variacións na potencia total instalada en Gran hidráulica e Minihidráulica nos próximos anos.


⁽²⁾ Inclúe biogás, residuo gasoso procedente da descomposición de materia orgánica como efluentes agroalimentarios, augas residuais e residuos de vertedoiros.

A variación de potencia débese a modificacións das inscricións en Réximen Especial de centrais xa existentes.

⁽³⁾ Fontes de enerxía renovables.

⁽⁴⁾ Enerxías renovables.

Gráficamente pode apreciarse mellor a presenza das renovables no conxunto de centrais. O seguinte gráfico mostra a evolución da potencia instalada en Galicia comparándoa coa que corresponde ás enerxías renovables:



*Datos provisionais

Tal e como pode verse na próxima táboa, as fontes de enerxías renovables, ademais de contribuír á xeración de enerxía eléctrica, tamén contribúen ó aproveitamento de enerxía térmica e á produción de biocarburantes:

Enerxía dispoñible para o consumo a partir de enerxías renovables

	2.003	2.004*
Electricidade		
Gran hidráulica	676 ktep	475 ktep
Minihidráulica	50 ktep	46 ktep
Eólica	290 ktep	357 ktep
Biomasa	15 ktep	15 ktep
Calor		
Biomasa	285 ktep	285 ktep
Biocarburantes		
Bioetanol	46 ktep	50 ktep

*Datos provisionais


3. ENERXÍA EÓLICA

En Galicia, o aproveitamento da enerxía eólica para a produción de electricidade comezou nos anos oitenta coa instalación dalgúns aerogeradores de pequena potencia. O gran desenvolvemento tecnolóxico que experimentou o sector eólico nos anos seguintes e a existencia de amplas zonas con importantes recursos fixo que moitos promotores se interesaran pola implantación de parques eólicos na Comunidade

En xullo de 1.995 publicouse o Decreto 205/95, que regulaba as autorizacións dos proxectos eólicos en Galicia e vinculaba eses proxectos co desenvolvemento de plans industriais, para que os investimentos tiveran incidencia na economía galega.

Por eso, o devandito Decreto introduciu os denominados parques eólicos empresariais (PEE), que incluían un plan de investigación eólica, un programa de investimentos e un programa de actuacións industriais, e constitúen a base do Plan Eólico de Galicia. Na actualidade hai aprobados dezaoto plans empresariais.

Na gráfica seguinte pode observarse a evolución da potencia eólica instalada durante o desenvolvemento do Plan Eólico:



* Datos provisionais

En outubro de 2.001 o Decreto 302/2001, que regula a partir desa data o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia, introduciu a figura dos parques eólicos singulares, que levan asociada unha porcentaxe de autoconsumo e se caracterizan por ser de pequena potencia, máximo 3 MW.

A situación a finais do ano 2.004 dos parques eólicos singulares queda resumida na táboa seguinte:

Parques eólicos singulares		
En funcionamento	En construción	En tramitación administrativa
0'85 MW	3'00 MW	101'90 MW

É interesante subliñar que a maioría dos parques que se están tramitando van ser desenvolvidos por concellos, 35 dos 44 miniparques en tramitación administrativa nesa data. A eses parques habería que engadirlle os 102 novos concellos incluídos na Resolución da Orde correspondente ó ano 2.005, o que suporá un total de máis de 350 MW para os municipios galegos.

A continuación amósase a situación actual e o desenvolvemento previsto, nun principio, ata o ano 2.010 no Plan Eólico de Galicia:

	2.003	2.004*	Previsión PEG⁽⁵⁾
En funcionamento	1.579 MW	1.824 MW	4.000

* Datos provisionais

Os datos confirman que a enerxía eólica é a que presenta un maior índice de crecemento de tódalas enerxías renovables aproveitadas en Galicia. De ahí que a súa contribución ó consumo eléctrico galego bruto sexa cada vez máis significativa, no ano 2.003 esa contribución foi do 19% e estímase que no 2.004 se cubrixe o 23% da demanda.



⁽⁵⁾ PEG: Plan Eólico de Galicia. Obxectivo do Plan Sectorial Eólico de Galicia, que se está analizando actualmente e que se prevé ampliar ós 6.500 MW.

O importante incremento previsto no sector eólico fai necesaria unha xestión eficiente tanto da enerxía producida nos parques como das infraestruturas eléctricas existentes en Galicia. Ademais, é necesario impulsar solucións técnicas que permitan que os parques compartan infraestruturas para aproveitar do mellor xeito posible as liñas que se constrúan e minimiza-lo seu impacto ambiental.

Por outra banda, tamén sería interesante desenvolver un centro de control eólico (despacho delegado) que permita xestionar a enerxía producida nos parques eólicos co fin de optimizar a rede eléctrica. Para un correcto funcionamento do “despacho delegado” habería que implementar diversos sistemas de predicción da xeración eólica a 24 e 48 horas, co obxectivo de coñecer con antelación os datos de produción para a correcta xestión da enerxía, así como modelos de simulación de parámetros eléctricos en liñas e subestacións.

Neste sentido, o Instituto Enerxético de Galicia, xunto coa Consellería de Innovación, Industria e Comercio, implantou o Sistema Informático de Captación e Procesamento de Datos Enerxéticos (SICAPDE). O sistema recolle e procesa toda a información relevante relacionada coa produción e o vertido de enerxía á rede de cada un dos xeradores eléctricos galegos en Réximen Especial cunha potencia superior a 1 MW. A súa finalidade é poder realizar unha planificación eficaz e optimizar os recursos enerxéticos galegos para garantir un maior equilibrio no sistema enerxético. Asociadas ó SICAPDE, que está operando dende finais de 2.003, existen ferramentas de estimación da produción eléctrica, así como, de predicción eólica.

O investimento total asociado á implantación do “Plan Eólico de Galicia” será superior ós 3.500 millóns de euros. Tendo en conta que na maioría das resolucións dos PEE⁽⁶⁾ figura unha porcentaxe de investimento na Comunidade galega do 70% do capital asociado ó parque (porcentaxe que en ocasións pode ser incluso superior), isto supón que o investimento actual en Galicia asociado ó Plan está preto dos 1.100 millóns de euros e que se xeraron ó redor de 2.500 postos de traballo (emprego directo), ademais de que se contribuíu á implantación de novas industrias relacionadas co sector.

⁽⁶⁾ Plans Eólicos Empresariais.



Fotografía do Parque Eólico Experimental de Sotavento, onde están representadas a maioría das tecnoloxías eólicas comercializadas en España. Este parque está a desenvolver proxectos de investigación e divulgación das enerxías renovables.

4. BIOMASA, BIOGÁS E BIOCARBURANTES

A biomasa é a materia orgánica orixinada nun proceso biolóxico e que pode utilizarse como fonte de enerxía.

No eido da Comunidade galega, a gran variedade de materias incluídas no concepto de biomasa pode agruparse, fundamentalmente, en tres áreas: biomasa forestal e cultivos enerxéticos, biogás e biocarburos.

4.1 Biomasa forestal y cultivos enerxéticos

Dentro deste apartado hai que diferenciar entre a biomasa forestal procedente de sistemas forestais arborizados e a que procede de residuos industriais da madeira. Cómpre destacar que existe un elevado potencial en canto á enerxía procedente da biomasa forestal debido ás características climáticas, á distribución da poboación e á grande importancia das explotacións madeireiras na nosa Comunidade.

Os cultivos enerxéticos obtéñense a partir de explotacións, agrícolas ou forestais, nas que o único obxectivo é obter biomasa con importante potencial enerxético.



Tradicionalmente en Galicia aproveitouse a biomasa a nivel doméstico como fonte de enerxía térmica, e non foi ata a última década cando se empezou a aproveitar tamén para a xeración eléctrica.

En calquera caso, hoxe en día a xeración de enerxía térmica a partir da biomasa segue a ter unha gran importancia na Comunidade galega, xa que supón cerca dun 15% da calor dispoñible para o consumo (285 ktep).

4.2 Biogás

Nos últimos anos puxéronse en marcha instalacións que aproveitan o biogás procedente da descomposición da materia orgánica en plantas de tratamento de residuos sólidos urbanos, como as de Nostián ou Biocerceda, e en vertedoiros, como o de Bens.


A táboa presenta a potencia eléctrica instalada en centrais de biomasa:

Potencia eléctrica instalada. Biomasa forestal-Biogás

	2.003	2.004*	Previsión 2.010
En funcionamento	45 MW	52 ⁽⁷⁾ MW	93 MW

*Datos provisionais

A gráfica amosa a evolución deste tipo de plantas:



*Datos provisionais

4.3 Biocarburantes



A biomasa permite obter combustibles líquidos que poden substituír ós combustibles convencionais ou ós seus aditivos.

Dende finais de 2.002 está funcionando a planta de Bioetanol Galicia, que produce etanol a partir de cereal e que ten unha capacidade de produción dunhas 100.000 toneladas/ano (aproximadamente 65 ktep/ano).

⁽⁷⁾ O incremento de potencia débese a modificacións das inscricións en Réximen Especial de centrais xa existentes.

5. ENERXÍA MINIHIDRÁULICA

Debido ás condicións climáticas de Galicia, a enerxía hidráulica é, dende hai décadas, unha das principais fontes de enerxía da Comunidade, tendo gran importancia a produción eléctrica a partir dela.


Denomínanse centrais minihidráulicas ás centrais hidroeléctricas de potencia igual ou inferior a 10 MW.

A potencia instalada en centrais minihidráulicas e a previsión para o ano 2.010 son as que figuran a continuación:



	2.003	2.004*	Previsión 2.010
En funcionamento	203 MW	240 MW	315⁽⁸⁾ MW
			*Datos provisionais

Durante os últimos anos, a media de crecemento sitúase ó redor dos 30 MW anuais. A gráfica mostra como foi variando, nos últimos anos, a potencia total instalada en Galicia neste tipo de instalacións:



*Datos provisionais

⁽⁸⁾ Obxectivos de Augas de Galicia, do Plan Sectorial Hidroeléctrico das cuncas hidrográficas de Galicia-Costa e previsións de desenvolvemento de centrais na *Confederación Hidrográfica del Norte*.


6.ENERXÍA SOLAR

Ata hai poucos anos, no se estaban explotando suficientemente os recursos solares galegos, aínda que os beneficios do seu aproveitamento sexan claros, xa que a enerxía solar é gratuíta, autóctona e inesgotable.


Dende o ano 2002, estase desesenvolvendo o “Programa de Fomento da Enerxía Solar en Galicia” (PFES) e, dentro do seu marco de actuación, o Instituto Enerxético de Galicia e a Consellería de Innovación, Industria e Comercio levan a cabo diversas actuacións para o seu fomento.



As gráficas presentadas a continuación mostran a evolución dos dous tipos de instalacións solares antes e durante o desenvolvemento do devandito Programa. Como se pode apreciar, o maior incremento produciuse durante o último ano contemplado:



*Datos provisionais



*Datos provisionais



Analizando as gráficas, destaca o gran avance que se produciu, nos dous últimos anos, na Comunidade galega no eido da enerxía solar.

Durante o 2.004 instaláronse ó redor de 1.600 m² de paneis solares térmicos, o que supuxo un incremento superior ó

20% en solar térmica. E en canto ás instalacións solares fotovoltaicas, a potencia aumentou de 372 kW_p en 2.003 a cerca de 750 kW_p en 2.004, o que representa un crecemento superior ó 100%.




A seguinte táboa amosa a situación da enerxía solar en Galicia e as previsións do Programa cara ó ano 2.010:

	2.003	2.004*	Previsión PFES ⁽⁹⁾
Solar térmica	7.375 m²	9.013 m²	40.000 m²
Solar fotovoltaica	372 kW_p	747 kW_p	2.000-5.000 kW_p

* Datos provisionais


O incremento da solar fotovoltaica débese, en gran parte, á publicación do Real Decreto 436/2004, de 12 de marzo, que modificou substancialmente á retribución da enerxía eléctrica xerada neste tipo de instalacións.

Estímase que a tendencia á alza que se ven apreciando continuará nos vindeiros anos. As gráficas amosan cal é a situación prevista no Programa de Fomento da Enerxía Solar en Galicia:



* Datos provisionais

⁽⁹⁾ Programa de Fomento da Enerxía Solar en Galicia.




* Datos provisionais

En calquera caso, hai que ter en conta que tanto a evolución que experimentou o sector solar nos últimos anos como o marco retributivo actual poderían conducir a que se estableceran obxectivos aínda máis ambiciosos.

7.ENERXÍA DO MAR

Os océanos representan un elevado potencial en canto a recursos enerxéticos se refire. Actualmente, estanse a avalia-los recursos enerxéticos dispoñibles en Galicia para ter unha maior información das reservas enerxéticas con que se conta.



A utilización a gran escala da enerxía do mar estaría moi ligada a evolución da estrutura de xeración enerxética, á demanda de enerxía por parte da sociedade e, por susposto, ó desenvolvemento tecnolóxico do sector.

Hoxe en día, a tecnoloxía está, en moitos casos, en etapas preliminares de investigación. De tódolos xeitos, si existen prototipos dalgunha tecnoloxía e, incluso, algún dispositivo en etapa precomercial, é dicir, desenvolvido pero a custos demasiados elevados. En calquera caso, aínda non hai ningunha tecnoloxía dispoñible a nivel comercial.

En Galicia a enerxía das ondas presenta un potencial enerxético aproveitable moi superior ó resto de modalidades (mareomotriz, das correntes e diferenza térmica).

8. ENERXÍAS RENOVABLES E MEDIO AMBIENTE

A conservación do medio ambiente estase convertindo nunha das principais preocupacións dos cidadáns, que empezan a ser conscientes de que as súas condicións de vida poden empeorar se non se racionalizan os usos e hábitos enerxéticos.



Por outra banda, o desenvolvemento sostible é unha cuestión de vital importancia. Segundo a Comisión Mundial para o Medio Ambiente e o Desenvolvemento (1.987), é “o desenvolvemento que se enfrenta ás necesidades do presente sen compromete-la capacidade das xeracións futuras de enfrontarse ás súas propias necesidades”.

A contaminación ambiental e as emisións de CO₂ causadas pola utilización dos combustibles fósiles representan unha ameaza para o desenvolvemento sostible. Un dos principais contribuíntes a estas emisións é a xeración de enerxía eléctrica e/ou térmica a partir de combustibles fósiles.

Como a maioría das fontes de enerxía renovables non teñen, practicamente, emisións gasosas á atmosfera, a utilización a gran escala destas fontes será esencial para conseguir unha redución de emisións a partir da xeración de electricidade, polo que axudan a que se acaden os compromisos asinados no Protocolo de Kioto e, ó mesmo tempo, contribúen ó desenvolvemento sostible. De ahí que, estas fontes de enerxía permitan mellora-las condicións ambientais do contorno onde se utilizan.

Grazas á utilización das enerxías renovables, durante os últimos anos evitáronse as emisións de CO₂⁽¹⁰⁾ que se recollen na táboa:

Emisións evitadas (toneladas de CO₂)		
Tipo de central	2.003	2.004*
Eólica	2.413.647	2.982.000
Gran hidráulica	5.536.752	3.902.000
Minihidráulica	412.758	383.000
Total evitado	8.363.158	7.267.000

* Datos provisionais

⁽¹⁰⁾ Tendo en conta a estrutura de xeración eléctrica española, considéranse unhas emisións de 695 g de CO₂ por cada kWh xerado.

Segundo o Anexo IV da Directiva 2003/87/EC do Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de outubro de 2.003, o factor de emisión para a biomasa é cero.



Tanto estas cifras, como a diminución das emisións do resto de gases contemplados no Protocolo de Kyoto e o menor impacto ambiental deste tipo de aproveitamentos enerxéticos, contribúen a resalta-la importancia que ten conseguir unha implantación cada vez maior de instalacións que utilicen fontes de enerxía renovables.

9. INVESTIMENTO E EMPREGO

A construción de novas instalacións de sistemas enerxéticos dá lugar a un importante volume de investimento e emprego na Comunidade.

Hai que salientar que as enerxías renovables axudan ó desenvolvemento local porque poden instalarse en medios rurais e illados e, ademais, contribúen a diminuí-la dependencia de subministracións externas porque se utilizan recursos autóctonos.

Os investimentos totais en Galicia durante os anos 2.003 e 2.004 foron de ó redor de 300 millóns de euros anuais. As gráficas seguintes mostran a distribución por sectores dos devanditos investimentos:



*Datos provisionais

Grazas a este tipo de instalacións, tanto no ano 2.003 como no 2.004 ó redor de 3.000 persoas traballaron na construción e instalación de infraestruturas que utilizan fontes renovables, en actividades de operación, mantemento e xestión das distintas centrais existentes en Galicia, así como na fabricación de compoñentes para as mencionadas instalacións.

Dentro das distintas tecnoloxías renovables implantadas en Galicia destaca, como se comentou anteriormente, o desenvolvemento da enerxía eólica. O Plan Eólico de Galicia leva asociadas unha serie de actuacións industriais que contribúen a xeración de emprego na Comunidade. Por tanto, ó redor do sector eólico existe un amplo tecido industrial formado tanto por fábricas de compoñentes como por plantas con parte da súa produción dirixida ó sector.



De ahí que, o número de empregos asociados en Galicia á enerxía eólica representan uns 2.500 postos de traballo, que se desglosan como se ve de seguido:



Ano 2004	Emprego
Fábricas de compoñentes	900
Industria auxiliar	500
Construcción de parques e LAT	500
Enxeñería, promoción e outros servizos	300
Mantemento de parques	300
Total	2.500

10.SÍNTESE E PREVISIÓNS DE EVOLUCIÓN

En resumo, estímase que as instalacións que aproveitan fontes de enerxía renovables en Galicia supoñen máis do 60% do total de potencia instalado no ano 2.004. Tradicionalmente, o principal incremento de potencia producíase no sector hidráulico (gran hidráulica), pero nos últimos anos está producíndose na instalación de parques eólicos.

Durante o último ano, estímase que se xeraron ó redor de 11.000 GWh de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables, que evitou a emisión de máis de sete millóns de toneladas de CO₂ á atmosfera.


A táboa seguinte recolle a situación actual das instalacións de xeración eléctrica que empregan fontes de enerxía renovables en Galicia e as previsións para o ano 2.010:

Xeración	Potencia instalada 2.003 (MW)	Potencia instalada 2.004* (MW)	Potencia prevista 2.010 (MW)
Gran hidráulica ⁽¹⁾ (P>10 MW)	2.945	2.997	3.000
Minihidráulica ⁽¹⁾ (P≤10 MW)	206	240	315
Eólica	1.579	1.824	4.000
Biomasa ⁽²⁾	45	52	93
Solar fotovoltaica e outras renovables	0,372	0,747	5
Total instalado	4.775	5.114	7.413


* Datos provisionais

Como se comentou anteriormente, o SICAPDE pretende contribuir a unha planificación eficaz do sistema enerxético para que a evolución do sistema sexa equilibrada. Para elo, é necesario compara-la situación actual das centrais eléctricas coa do ano 1.998 e coas previsións cara ó ano 2.010.



A primeira gráfica amosa a distribución de potencia en función da tecnoloxía de xeración. Como pode observarse, o principal incremento está a producirse no eido das enerxías renovables, debéndose a variación en 2.010 das instalacións que aproveitan fontes convencionais a posible entrada en funcionamento de centrais de ciclo combinado:




A segunda gráfica recolle a distribución das centrais en función do seu réximen económico:



Para apreciarse máis claramente a distribución por tipo de xeración da potencia instalada nos últimos anos, así como a previsión para o ano 2.010, poden analizarse os seguintes diagramas:



* Datos provisionais



Tendo en conta as previsións anteriores, e de acordo coas estimacións comentadas previamente, as emisións de CO₂ evitadas en 2.010 serían:

Previsións de emisións de CO₂ evitadas en 2.010 con fontes de enerxía renovables	
Tipo de central	Redución emisións de CO₂ (toneladas/ano)
Eólica	7.588.010
Gran hidráulica	4.384.192
Minihidráulica	669.911
Solar	16.729
Total evitado	12.658.842

Outro aspecto importante que se debe ter en conta é a contribución das fontes de enerxía renovables ó consumo eléctrico galego bruto⁽¹¹⁾. Na seguinte táboa pode apreciarse a achega actual destas fontes, así como as previsións para o ano 2.010, ó mesmo tempo que se recollen os obxectivos españois e comunitarios para ese mesmo ano:

Contribución das enerxías renovables ó consumo eléctrico de Galicia

	Situación Galicia 2.003	Situación Galicia 2.004*	Previsión Galicia 2.010	Obxectivo UE 2.010 ⁽¹²⁾	Obxectivo UE-España 2.010
Respecto ó consumo de enerxía eléctrica (sen gran hidráulica)	23,4 %	27,0 %	59,0 %	12,5 %	17,5 %
Respecto ó consumo de enerxía eléctrica (con gran hidráulica)	66,7 %	57,0 %	89,0 %	22,1 %	29,4 %

*Datos provisionais

Á vista dos datos, o aproveitamento enerxético do gran potencial dos recursos renovables galegos, e os diferentes programas de actuación que se están desenvolvendo, xa permiten que Galicia supere actualmente os obxectivos fixados pola Unión Europea para o ano 2.010, ademais de axudar a que se fortaleza un sector básico para o desenvolvemento da Comunidade.



⁽¹¹⁾ Considérase un incremento anual dun 2 % a partir de 2.001. Polo tanto, o consumo eléctrico bruto no ano 2.010 será de aproximadamente 1.800 ktep.

⁽¹²⁾ Estimación do obxectivo da Unión Europea sen gran hidráulica.

En vista das previsións, o número de instalacións que utilicen fontes renovables vaise ver incrementado considerablemente de aquí ó ano 2.010, o que contribuirá de forma efectiva á creación de emprego tanto de forma directa como indirecta.

A construción de novas instalacións fomentará o emprego tanto na posta en marcha das plantas de xeración como nas súas posteriores actividades de operación e matemento. Ademais, tamén se verá favorecido o sector de fabricación de bens de equipo ligado a este tipo de centrais (fabricación de compoñentes para aeroxeradores, fabricación de células e módulos solares, fabricación de equipos auxiliares, etc.).

As actividades relacionadas coa biomasa tamén contribuirán a fomentar e diversifica-lo emprego no medio rural, favorecendo o desenvolvemento económico deste medio.

Hai que salientar, como xa se mencionou, que unha das prioridades á hora de deseñar novas instalacións de xeración eléctrica é a conservación e o respecto ó medio, de aí que se necesiten estudos de seguimento do funcionamento das centrais para controla-lo seu impacto ambiental.

Por todas estas razóns, estímase que no ano 2.010 haberá ó redor de 4.000 empregos relacionados coas enerxías renovables, sendo o sector eólico o de maior peso.

